

CONFAPA - GALICIA



É unha asociación sen ánimo de lucro e de carácter social, que está relacionada coa protección da infancia e da xuventude, do medio e da cultura. A súa meta é conseguir, de acordo coa norma constitucional, unha ensinanza de calidade e de balde, que favoreza o desenvolvemento da personalidade humana, o respecto aos principios democráticos de convivencia e os dereitos e liberdades.

Os obxectivos que persegue

- Consegui- r unha ensinanza de alta calidade e gratuíta, que desenvolva a personalidade humana no respecto aos principios democráticos de convivencia e aos dereitos e liberdades, ao abeiro de canto determina a Constitución Española.

- Coordinar a actuación das federacións provinciais que a integran, en beneficio dun mellor logro dos seus obxectivos.

- Representar as federacións asociadas ante a Administración autónoma de Galicia e ante a Administración central do Estado.

- Fomentar o desenvolvemento das ANPAS e das federacións constituídas por estas, promovendo as actividades necesarias e facilitando información e asesoramento.

- Promover a participación das familias, a través das ANPAS e das federacións, nos órganos da Administración educativa, que a lexislación vixente determine.

- Impulsar a formación de pais e nais de alumnos, e potenciar o diálogo entre as familias e o profesorado.

- Promover todo tipo de accións tendentes a que os grupos socialmente desfavorecidos por razóns físicas, psíquicas, sensoriais, étnicas, ou por calquera outro motivo, sexan integrados nos centros educativos e reciban unha educación normalizada.

- Potenciar calquera actividade que conduza a unha integración social, laboral, cultural e económica do alumnado considerado diferente.

- Potenciar a cultura de Galicia, e a relación entre e con outros feitos culturais.

- Promover o respecto ao contorno natural e ao coidado do medio.

As actividades

Para conseguir os seus fins, CONFAPA organiza xornadas e congresos, ofrece formación ás familias e ao persoal directivo de ANPAS, dinamiza escolas de pais, elabora documentos e informes, fomenta a coeducación, impulsa actividades de prevención de drogodependencias e, en xeral, actúa en defensa dos dereitos da infancia.

Organismos nos que participa

- Confederación Española de ANPAS (CEAPA).
- Confederación Europea de Pais da Escola Pública (CEPEP).
- Comisións provinciais de escolarización, bolsas, comedores, escolas viaxeiras, libros de texto gratuítos, rutas literarias e FP.
- Consello Escolar de Galicia.
- Consello Escolar do Estado.
- Eixo Atlántico.

Organismos cos que colabora

- UNICEF: a infancia e xuventude en risco social.
- Save the Children: Campaña "Educa, non pegues".
- Por unha Escola Laica.
- Rede de Cooperación Coruña Solidaria.
- Fundación Mulleres.
- Asociación para a Integración de Nenos Diminuídos (AIND).

Máis información

<http://www.confapagalicia.es/galego/Contacto.html>

CONFAPA dá

10 razóns para pertencer e traballar nunha ANPA

- 1.** Porque é a nosa responsabilidade educar os nosos fillos e fillas.
- 2.** Pola necesidade de estar unidos á hora de reivindicar aspectos que nos axuden a mellorar a escola pública.
- 3.** Porque un movemento de pais e nais agrupados fai que as iniciativas e peticións se vexan con maior respecto polas administracións públicas, polo profesorado, pola sociedade, etc.
- 4.** Porque existe un marco legal que ampara o noso dereito a participar na vida do centro escolar.
- 5.** Pola importancia de levar aos consellos escolares a presenza dos pais e das nais, organizados nas ANPAS, para defender os intereses de todos, non os individuais.
- 6.** Porque, se non somos quen de motivarnos pola educación dos nosos fillos e fillas, por quen o faremos?
- 7.** Porque se non participamos, como lles explicaremos que teñen que implicarse, expresarse, participar e asumir responsabilidades?
- 8.** Porque para realizar a formación activa dos pais e das nais cómpre unir esforzos e ideas.
- 9.** Porque as ANPAS deben traballar pola integración no seu contorno, facendo uso das instalacións do centro educativo.
- 10.** Porque todos somos necesarios para mellorar a calidade de vida dos nosos fillos e fillas.

**Participar é un dereito,
pero tamén un deber social**

